

IX Limpeza Simultânea de Praias 2020

16,17 e 19 de Outubro





Descrición xeral da actividade



O lixo mariño é un dos maiores problemas ambientais do planeta, as principais causas son: a insensibilidade dos modelos de consumo e produción da nosa sociedade, as malas estratexias na xestión dos nosos residuos e a falta de sensibilización da poboación. Todo iso fai que cada ano 10 millóns de toneladas de lixo rematen nos océanos. Moito deste lixo provén da industria do mar (pesca, extraccións...), pero unha grande parte chega a través dos ríos, debido a unha mala xestión en terra.

Máis de 1.000.000 de aves mariñas e 100.000 mamíferos e tartarugas morren cada ano enredados ou por inxesta do lixo mariño. Tamén pode afectar directamente á saúde humana, xa que moitos destes produtos conteñen substancias tóxicas, bioacumulativas e persistentes, que entran na cadea alimentaria. Por último outro dos graves problemas asociados a estes residuos, é que provocan perdas económicas importantes, debido a varios factores como son a diminución da pesca comercial, a degradación de lugares aptos para actividades recreativas e turísticas, ou o enorme investimento requirido para as limpeza de praias.

ADEGA convocou de novo a tódalas entidades interesadas a unirse neste evento contra a contaminación mariña. Centros de ensino, escolas de surf, centros de mergullo, clubs de piragüismo, vela, pescadores, mariscadoras, asociacións de todo tipo, concellos ou grupos de particulares están chamados a limpar as praias e denunciar esta problemática ambiental.

As entidades participantes contarán co asesoramento, material divulgativo, protocolo de limpeza e publicidade.

Debido ao estado de Pandemia a realización da actividade mudou un pouco, nas diferentes praias dividíronse en grupos de non máis de 10 persoas repartidos ao longo dos areais. Aínda que nas fotos aparecen xuntos, ter en conta que durante a limpeza cumpríronse todos os protocolos da Covid-19.

Resultados obtidos

Durante o 16,17 e 19 de Outubro, unhas 30 entidades e máis de 600 persoas sumaron os seus esforzos ao longo do litoral galego para limpar as praias e denunciar a problemática ambiental do lixo mariño na 9ª Limpeza Simultánea de Praias.

Participaron unhas de 600 persoas e recolléronse preto de 4.000 kg de lixo, a maioría de orixe plástica. Predominando os restos de cordas, cabichas e pauciños dos ouvidos.

Nesta gráfica presentamos as entidades participantes e a cantidade de lixo recollido

	Concello	Colectivo	Praia	Nº Voluntarios/as	Kg retirados
1	Nigrán	Asociación Escolas de Surf de Patos	Patos	150	80
2	Nigrán	Concello	Calas de Lourido	34	50
3	FENE	AETNA	Ribeira de Maniños	18	500
4	A Coruña	OMA e Mar de Fábula	Praia de Bens	20	19
5	Vigo	Ocina Municipal de Voluntariado Ponteareas	Samil	16	18
6	Ferrol	ANPAS San Xoan de Figueiras	Cabana	19	50
7	Cangas do Morrazo	Particular	Nerga	-	-
8	A Guarda	Concello de A Guarda	Varios	-	-
9	Ares	Agrupación Instrutiva de Caamouco	O Raso	24	50
10	Ares	Asociación Custodia Bosque Atlántico BETULA	Seselle	32	200
11	Cangas do Morrazo	ADEGA Morrazo	Areamalla	35	150
12	Outes	Concello de Outes		-	-
13	Carballo	ADEGA Carballo	Baldaio	4	320
14	Porto do Son	ADEGA Compostela	Aguieira	12	50
15	Muros	ADEGA Compostela	Louro	11	1000
16	A Coruña	ANPA do CEIP de Prácticas	Riazor	20	20
17	O Grove	IES as Bizocas	Area da Cruz	38	100
18	Ferrol	Centro de Ensino a Semente	Valdoviño	14	20
19	A Coruña	IES Arzua	Santa Cruz	19	55
20	Porto do Son	IES Porto do Son	Praia de Caveiro	22	28
21	Foz	Aula Universitaria de Foz	Llás	19	20
22	Viveiro	IES María Sarmiento	Covas	65	140
23	A Coruña	CEIP de Caion	A Iaracha	-	-
24	A Coruña	GN Habitat	Orzán	13	24
25	Viveiro	Aula Universitaria de Foz	Area	11	30
26	Viveiro	Peña Ciclista Lar	Area	10	15
27	Malpica de Bergantiños	One Surf Malpica + Silfo Surf Camp	Beo	-	-
28	Barreiros	ADEGA Lugo	Area Longa	10	72
29	Pontevedra	Piragüistas	Illa de Tambo	5	50
30	Illa de Arosa	Particulares	Bao Norte	5	71
31	Cambados	Particulares	San Tomé	3	50
32	A Coruña	Wee Sustainability	Bastiagueiro	30	100
			TOTAL	648	3252

Conclusión e valoración da execución.



A pesar do estado de Pandemia no que nos atopamos a Limpeza Simultáneo foi un éxito xa que houbo unha boa participación. Nestes tempos a concienciación ambiental aumentou o que axudou a gran participación nesta actividade.

A execución do proxecto foi mais complicado do normal xa que as restricións mudaban segundo os concellos polo que a hora da coordinación dos grupos había que ter en contas todos ese factores flutuantes e avisar os diferentes grupos dos cambios.

A pesar de too consideramos a actividade como un éxito.

Con esta actividade dende ADEGA se quere subliñar que as limpeza de praias non debe ser un feito illado.

As limpeza de praias deben facerse de xeito manual, respectando os ecosistemas dunares, e tendo especial coidado coa fauna e flora que nelas habita.

O obxectivo principal deste tipo de actuacións é crear conciencia e alertar da cantidade de plástico que producimos e tiramos, e as consecuencias que isto ten.

Pódense ver as fotos das diferentes actuacións na seguinte ligazón:

https://photos.google.com/share/AF1QipPHzAfGZtKbLNBL33-V7lwmbtG0KqujRK6oeFFkJoBmyKc6p7N39C_6ol_KqdDWGA?key=dFZXZF1TUdpUUxmekxSNmg4UW9YcVJoXy1ZRzRB

Notas de prensa.

Convocada otra limpieza de playas simultánea, para el 17 de octubre

Adega llama a la participación en esta jornada de voluntariado: inscripciones hasta el día 10



ADEGA busca voluntariado para su limpieza simultánea de playas



Imagen de archivo de una limpieza de playa hace algunas semanas (foto: ADEGA)

FERROL360 | Sábado 3 octubre 2020 | 9:32

El IES Bizocas repite presencia en la limpieza simultánea de playas

Adega propicia que alumnos y profesores se citen mañana en la playa de Area da Cruz

M. MÉNDEZ | O Grove

15·10·20 | 03:23



Adega convoca la 9ª Limpieza simultánea de playas, también en Baldaio


Por Redacción - 10 octubre 2020



El CEIP de Caión colaborará este viernes en la limpieza simultánea de playas

Por **Redacción** - 15 octubre 2020





ADEGA
Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza
Educación ambiental

adega@adega.gal
www.adega.gal

Coordinación:

Díaz Feijóo Itziar

Equipa de Educación Ambiental:

Bañobre Gonzalez Francisco

Perez Rodriguez Ramsés

Díaz Feijóo ITziar